

1. XUSTIFICACIÓN

A continuación presento a programación de aula para o curso 2010-2011 para a aula de 5º e 6º de Educación infantil do CEIP TERRA CHA de Vilalba.

Esta programación susténtase na programación de ciclo, nos documentos do centro así como na lexislación vixente referida a educación infantil (D.330/09 de 4 de xuño polo que se establece o currículo de educación infantil e a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia)

Nese sentido destacarei que a seguinte programación basearase (tal como recolle o D.330/2009) no traballo por proxectos así como a inclusión doutras actividades que se alternen coas propostas globalizadoras tal como obradoiros, cadernos de traballo e rutinas da aula.

Ao tratarse dunha aula mixta os obxectivos plantexados serán os mesmos para ambos niveis, se ben aplicárase un criterio de redución na esixencia dos mesmos.

2. CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:

Neste apartado remítome ao recollido na programación de ciclo.

3. OBXECTIVOS

Serán os recollidos nos proxectos así como nos obradoiros, rutinas e traballo con cadernos (ver apartado metodoloxía)

4. CONTIDOS

Serán os recollidos nos proxectos así como nos obradoiros, rutinas e traballo con cadernos (ver apartado metodoloxía)

5. AVALIACIÓN.: CRITERIOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Segundo a Orde do 25 de xullo de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil, a avaliación será

concibida como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo.

A avaliación será así global, continua e formativa. Será expresada en termos cualitativos.

As principais técnicas de avaliación son: a observación directa e sistemática que será recollida no diario de aula e nas táboas de avaliación dos proxectos e obradoiros ,a análise das producións dos nenos e as entrevistas coas familias.

Avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa práctica docente.

A información recollida pola avaliación continua será transmitida ás familias nun informe escrito trimestral elaborado pola titora/or coa colaboración dos especialistas con docencia no grupo. Ademais poderá ser transmitida información ás familias acerca do desenvolvemento do alumnos/a en calquera momento do curso que a familia o solicite.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:

Competencia en comunicación lingüística:

- Comprende ordes e mensaxes auditivas.
- Comprende textos sinxelos.
- Practica a escoita activa e outras estratexias de diálogo.
- Utiliza diferentes recursos expresivos e lingüísticos á hora de comunicarse.
- Etiqueta imaxes asociadas ao vocabulario básico das temáticas a traballar.
- Utiliza a biblioteca para realizar consultas sobre o tema a traballar.

Competencia lóxico-matemática:

- Ordena secuencias .
- Clasifica formas, siluetas, materiais,... seguindo distintos criterios.
- Resolve problemas sinxelos .
- Coñece e utiliza a secuencia numérica

Competencia no coñecemento e interacción co medio físico:

- Mostra curiosidade por coñecer outros seres vivos, paisaxes e materiais.
- Explora e coñece o corpo propio o dos demais e o dos animais.
- Controla o corpo en repouso e movemento.
- Coñece hábitos de hixiene básicos
- Prevé perigos e riscos relacionados coa súa actividade cotiá.
- Observa o medio natural e os elementos que o compoñen.
- Protexe e conserva a Natureza.
- Goza das actividades que impliquen un contacto coa Natureza.

Tratamento da información e competencia dixital:

- Accede ao ordenador como medio para a busca de información.
- Utiliza axeitadamente o teclado e o rato.
- Utiliza enlaces controlados na navegación por Internet.
- Respecta o tempo de uso do ordenador.

Competencia social e cidadá:

- Practica o respecto e a colaboración nas actividades grupais.
- Construe, acepta e cumpre normas e regras.
- Resolver conflitos mediante o diálogo.

Competencia cultural e artística:

- Realiza composicións con distintos materiais e técnicas.
- Interesase por escoitar contos e historias.
- Utiliza a biblioteca para ver e ler contos.
- Realiza dramatizacións.
- Canta cancións

Competencia para aprender a aprender:

- Coñece e confía nas súas propias posibilidades.
- Valora o traballo ben feito.
- Planifica, organiza e manifesta constancia nas súas tarefas.
- Presta e mantén atención.
- Observa e explora o seu ámbito.
- Recolle e rexistra información.

Competencia en autonomía e iniciativa persoal:

- Actúa con seguridade en si mesmo.
- Ten unha imaxe axustada das súas posibilidades e limitacións.
- Adopta comportamentos de prevención e seguridade ante os riscos.
- Cumpre con responsabilidade as tarefas e resolve problemas cotiáns.

AVALIACIÓN DO ALUMNO: Ademais dos recollidos especificamente nos obradoiros e nos proxectos atenderemos aos seguintes aspectos:

- Mostra interese nas actividades de aula.
- Mostra autonomía e pide axuda cando a necesita.
- Participa e colabora en xogos e actividades grupais.
- Comparte espazos e materiais.
- Colabora na orde, limpeza e coidado de materiais.
- Coida a quenda de palabra, usa un ton de voz axeitado e respecta as intervencións dos demais.
- Achega materiais e suxestións ao grupo, respectando os demais.
- Participa activamente na busca de información coa axuda do adulto.
- Expresa feitos relativos ao traballado a través do debuxo.
- Realiza producións plásticas relacionadas co traballado

- Goza coas actividades e xogos dramáticos expresándose con naturalidade.

AVALIACIÓN DOS PROXECTOS

- Foi do interese dos alumnos.
- Favoreceu a adquisición dos obxectivos propostos.
- Favoreceu a colaboración no grupo.
- Adaptouse á diversidade do alumnado.
- Facilitou a adquisición de competencias e autonomía nos nenos.
- As aprendizaxes foron significativas.
- Contribuíu a crear actitudes de respecto e achegamento entre os nenos.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA EDUCATIVA

- A relación alumnos/docente foi boa.
- O ambiente creado foi de confianza, distendido, fluído, relaxado.
- Consegún manter a motivación dos alumnos ao longo de todo o proxecto.
- Orientei e axudei aos alumnos.
- Impliquei os meus alumnos de xeito activo no traballo.
- Respetei os ritmos xerais e particulares.
- Planifiquei axeitadamente a secuencia didáctica.
- Utilicei recursos suficientes e axeitados.
- As actividades foron motivadoras e axeitadas ao grupo clase.
- Os espazos foron organizados axeitadamente.
- Os materiais foron motivadores, suficientes, seguros...

6. METODOLOXÍA

ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE: proxectos, obradoiros, cadernos, e rutinas.

PROXECTOS: No 1º trimestre levaremos a cabo un proxecto para coñecer á nosa mascota "A cangura LOLI" (ver achega programación proxectos). No 2º e 3º trimestre serán elaborados a partir dos intereses xurdidos na aula.

QUE É UN PROXECTO GLOBALIZADO?: É un procedemento de aprendizaxe globalizada que permite alcanzar uns obxectivos que o docente e os alumnos se propuxeron, a través da posta en práctica dunha serie de accións integradas e planificadas, dirixidas a resolver unha situación ou problema previamente establecido, interactuar co grupo e o ámbito e utilizando recursos variados.

A metodoloxía de proxectos está ligada directamente cun enfoque globalizador, onde predominan as prácticas de investigación e o traballo cooperativo.

Nun proxecto de traballo os nenos áchanse inmersos nunha situación funcional, que os implica de xeito activo e que os obriga a enfrontarse coa realidade do mundo externo, a reconsiderar os seus coñecementos, a reestruturar e integrar as novas aprendizaxes, a establecer múltiples conexións entre o que saben e o que aprenden.

Nun proxecto de traballo:

- As diversas actividades están relacionadas entre si, oriéntanse cara a unha finalidade común e incorporan problemas do mundo real.
- Tense en conta o que saben os nenos, intégranse as súas experiencias e o que queren saber.
- As metas e accións están especificadas, aínda que o docente deba adaptar a súa programación inicial á evolución dos nenos e ao desenvolvemento do proxecto.
- Os erros valóranse como positivos, como necesarios para avanzar na aprendizaxe e na busca de solucións ou respostas.
- O docente e os alumnos comparten o papel de "investigadores".
- Prímanse os procesos sobre os resultados: o principal interese é o desenvolvemento das capacidades necesarias para a aprendizaxe autónoma.
- Os contidos convértense en medios para desenvolver estratexias que favorezan

"aprender a aprender".

- A interacción entre os alumnos, e entre estes e o docente, é básica para a aprendizaxe: apréndese en interacción cos outros.
- Desenvólvese un produto colectivo e tanxible ao que van orientadas as actividades.
- Desenvólvense tarefas grupales e individuais, e organízanse distintos tipos de agrupacións segundo a actividade de que se trate.
- Utilízanse variadas fontes de información e diversos recursos, que todo o grupo contribúe a buscar.

A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DOS PROXECTOS GLOBALIZADOS PRETENDO:

Respectar o xeito natural en que o neno aprende. O neno non aprende de modo fragmentado, senón percibindo a realidade como un todo relacionado entre si e a partir de situacións da vida cotiá. A metodoloxía de proxectos permite desenvolver experiencias e accións globalizadas nas que se dá resposta a situacións reais e interesantes, e nas que se priman os procedementos para aprender de modo autónomo. Deste xeito, as relacións entre os contidos establécense cando o neno resolve unha serie de problemas nos que están implicados os propios contidos de aprendizaxe; e a interrelación entre as áreas dáse dun modo natural, evitando unha conexión artificial entre elas.

Resolver problemas e responder a inquietudes dos nenos, relacionadas co seu mundo real. Nos proxectos créanse contextos significativos para as aprendizaxes, estímúlase a participación dos alumnos porque eles teñen un papel activo en todo o proceso, e dáse sentido ás actividades porque estas responden a metas reais do seu ambiente natural. As aprendizaxes teñen, polo tanto, aplicación na vida real máis alá das aulas.

Aumentar a motivación e participación dos nenos. Se as actividades son estimulantes, os nenos atopan o seu sentido e as aprendizaxes son significativas e funcionais, teremos asegurado o interese dos alumnos.

Facilitar a integración entre a escola, a familia e o ámbito. En educación, e en especial na Educación Infantil, o desenvolvemento e a aprendizaxe son procesos dinámicos que teñen lugar como consecuencia da interacción co ámbito. Nos proxectos, conéctase a aprendizaxe nas escolas coa realidade. Ademais, as familias e o ámbito inmediato xogan un papel decisivo no proceso de aprendizaxe.

Que os nenos desenvolvan diferentes estratexias de aprendizaxe e actúen con autonomía, xa que, ao estar planificada a tarefa, os alumnos poden anticipar as súas accións futuras. Nos proxectos, os nenos fórmulanse situacións a superar e o docente non anticipará as solucións nin dará as respostas acertadas, senón que aqueles han de poñer en xogo estratexias e habilidades diversas para a solución de problemas, investigar, buscar e utilizar variadas fontes de información e todo tipo de recursos ao seu alcance.

Aprender a participar cos compañeiros nun proceso de aprendizaxe interpersoal e de colaboración, tanto nas actividades coma na construción de coñecemento.

Respectar as diferenzas dos nenos. Nos proxectos fómase o respecto á diversidade do alumnado, posto que é necesario aceptar e valorar as achegas propias e as dos demais. Ademais, adáptanse as tarefas aos diferentes ritmos, estilos e capacidades dos alumnos, xa que o docente guía as posibilidades persoais de cada neno ante as distintas actividades.

Utilizar as distintas manifestacións da comunicación e a linguaxe. Os proxectos favorecen o desenvolvemento da linguaxe oral e escrita, así como outras formas de comunicación. Esta será esencial para compartir ideas, expresar opinións, manifestar dúbidas, negociar solucións, plasmar a información, integrar e compartir as aprendizaxes...

Aprender a reflexionar sobre a propia aprendizaxe. Nos proxectos fómase a comprensión das situacións de aprendizaxe, anticipase o que se vai aprender e analízanse tanto os erros como o aprendido. Neste sentido, os alumnos reflexionan sobre o seu propio coñecemento e participan na súa propia autoavaliación.

¿COMO XORDE UN PROXECTO DE TRABALLO?

Calquera situación ou comentario, unha observación dun membro na aula ante un obxecto, un fenómeno ou experiencia que chama a atención dos alumnos, unha pregunta sen resposta, pode suscitar o desenvolvemento dun proxecto, sempre que o seu obxecto ofrezca un importante potencial para abordar múltiples aprendizaxes. O docente debe,

entón, estar atento ás oportunidades de aprendizaxe que xorden en situacións espontáneas da aula, para abrir aos nenos un abano rico de posibilidades e xerar novas inquietudes.

Iníciase un proxecto cando xorde unha necesidade colectiva común: esta pode ser proposta polos propios alumnos ou provocada polo docente, pero será necesario que os nenos mostren interese e curiosidade: solo entón, o que aprendan terá sentido e estará contextualizado de xeito significativo. A partir de aquí, é moi importante que na aula todos coñezan con claridade os obxectivos, as tarefas e as expectativas respecto ao proxecto.

FASES DUN PROXECTO GLOBALIZADO:

Un proxecto non é algo improvisado que se vai creando sobre a marcha: existe un eixe vertebrador, unha planificación previa e unha estrutura que é, basicamente, común a todo proxecto:

- Motivación: créase un interese e determínase unha necesidade ou problema.
- Que sabemos: manifestar as ideas previas e organizar a información de que se dispón.
- Que saber queremos e/ou facer: defínese o propósito do proxecto e as tarefas.
- Buscar información, organizar o traballo e investigar: estas son as fases centrais de desenvolvemento do proxecto, definidas pola actividade intensa dos nenos e a distribución de tarefas no grupo.
- Recoller o aprendido, recuperando a información obtida, e mostralo todo.
- Avaliar: Inclúese tanto a autoavaliación do alumno como a avaliación do docente sobre as aprendizaxes dos alumnos, sobre o proxecto e sobre a práctica educativa.

Estas fases non son un esquema ríxido a seguir mecanicamente. Nalgunhas propostas metodolóxicas de proxectos poderá haber pequenas variacións na súa denominación ou desdóbranse algúns momentos. Pero o que está claro é que todo proxecto ten unha estrutura con momentos diferenciados que perseguen distintos fins e, se ben na práctica poden solaparse algunhas destas fases, todas elas son necesarias para estruturar o proceso de aprendizaxe.

PAPEL DO DOCENTE:

O papel do docente nun proxecto consiste, en primeiro lugar, en detectar os intereses dos alumnos e, a partir deles, crear situacións de curiosidade, animando a que os nenos se formulen dúbidas e interrogantes. Ante o inicio dun proxecto, planifícao dende un enfoque globalizador, tendo en conta qué habilidades pretende desenvolver nos alumnos (cognitivas, lingüísticas, afectivas, sociais, motoras, metacognitivas). Neste proceso o docente define os obxectivos, selecciona, organiza e secuencia os contidos e as actividades, tendo en conta o currículo establecido.

Durante o desenvolvemento do proxecto o meu papel é de mediadora, orientadora e xeradora de situacións de aprendizaxe significativa. Durante os momentos de busca de información, indicarei as fontes e axudarei a sistematizar a información recollida.

Ao longo do desenvolvemento, facilitarei as aprendizaxes: reorientarei as tarefas de maneira que se axusten aos coñecementos que posúen os nenos, ás súas experiencias e ao momento do proceso que seguen os nenos.

Facilitarei a autonomía dos nenos: observando a súa competencia para resolver situacións e atopar solucións, animando ante momentos de inseguridade, formulando preguntas que orienten a busca de respostas axeitadas, supervisando os pasos que se dan...

É necesario que, ao longo do proxecto, axude a que os alumnos sexan conscientes das aprendizaxes que van logrando, e confronten as tarefas realizadas co traballo que se planificara.

Neste proceso a comunicación é un pilar fundamental, para formular cuestións, manifestar e recoñecer as dificultades, contrastar ideas e opinións, aceptar os erros, animar, intercambiar experiencias,..., o cal leva necesariamente a que procure crear un clima social cálido e de respecto, un ambiente de confianza e afecto.

PAPEL DO NENO/A:

Cando o neno está inmerso nun proxecto, as distintas actividades que realiza responden a un obxectivo, relaciónanse coa resolución da tarefa ou o problema que se formulou. Nun proxecto de traballo, os alumnos comunican o que coñecen, propoñen, suxiren, debaten, comparten experiencias e recursos, definen os seus coñecementos, planifican e organizan a súa acción, achegan medios e instrumentos para investigar, realizan as tarefas encamiñadas a lograr un produto previsto, revisan as súas actividades e producións, negocian co seu grupo... A realización de proxectos, supón por parte do neno, polo tanto, unha participación activa e de busca nun afán investigador.

RECURSOS.

Un dos propósitos do traballo con proxectos é integrar a aprendizaxe que se realiza dentro da escola coas actividades que se desenvolven fóra dela, isto é, as aprendizaxes na escola non son diferentes dos que se requiren no mundo real. De aí que nos proxectos se fan constantes referencias ao ámbito dos alumnos e se achegan todo tipo de recursos reais á aula.

Neste afán, as familias e o ámbito inmediato son as fontes principais das que nos valeremos. As familias son, en moitos momentos, os vínculos máis directos da escola coa realidade exterior, e unha fonte constante de coñecemento e acceso a outros medios.

É moi importante que as familias coñezan o noso traballo e o contido dos proxectos que se desenvolven en cada momento na aula: só se están informadas e comprenden o seu sentido poderemos contar coa súa colaboración.

Ademais delas, contemplaremos as oportunidades do ámbito inmediato á escola: persoas do barrio, servizos da comunidade ou municipais, bibliotecas e todo tipo de centros culturais, entidades deportivas, espazos próximos, o medio natural do ámbito, centros de ensino próximos...

Dentro dos recursos materiais: obxectos reais, películas e medios audiovisuais, materiais para experimentar, materiais diversos en soportes informáticos e multimedia, todo tipo de materiais en soportes papel con textos ou imaxes (folletos, catálogos,

revistas, libros, carteis, fotografías, ...), materiais musicais, xogos e xoguetes, produtos naturais, ... serán obxecto de observación, análise, e unha fonte permanente de descubrimento e experimentación.

OBRADOIROS

Ao longo do curso desenvolveranse varios obradoiros fixos (ver horario aula).

OBRADOIRO: ESPAZO, ORDE E MEDIDA

Obxectivos:

- reagrupar, ordear, contar, medir, recurrido a medios sistemáticos e polo uso de símbolos (esquemas, debuxos, modelos) que poidan servir de axuda.
- Localizar, isto é, recurrir a modos espontáneos e guiados para explorar o propio entorno, vivilo, observalo, ocupalo e representalo.
- Realizar previsións e formular hipóteses.
- Someter puntos de vista e hipóteses ao filtro crítico das operacións de reagrupamento, clasificación, cuantificación...
- inventar creando proxectos, formas, obxectos, espazos, entorno.
- Elaborar a través de experiencias reais conceptos matemáticos.
- Argumentar, comprender a lóxica interna, prestar atención aos procesos.

Tipos de actividades

- Xogos de clasificación: contruir conxuntos, reagrupar, atopar elementos comúns. Aillar propiedades, xustificar a pertenza ou non dun obxecto a un grupo de obxectos. Realizar reparticións. Representar gráficamente ou con símbolos os conxuntos e as operacións.
- Xogos de seriación: Identificar a través da comparación, as realacións entre grupos de elementos (mas de, menos de...) Identificar a través da comparación as relacións cuantitativas entre grupos de elementos (lonxitude, anchura, grosor, capacidade, masa)

establecer en orde crecente e decrecente, introducir unobxecto correctamente dentro dunha secuencia, recoñecer o criterio adoptado para a realización da secuencia. Representar gráficamente mediante símbolos.

● Xogos de contar: saber contar establecendo a correspondencia entre a secuencia numérica verbal e a recogida de obxectos. Executar sinxelas operacións do tipo engadir ou quitar equitativamente en dous conxuntos. Efectuar sinxelas reparticións. Representar simbólicamente cantidades numéricas, escribir as cifras.

● Xogos de relación co espazo: recorrer camiños, laberintos, utilizar sinalizacións, representar recorridos gráficamente. Recoñecer relación topolóxicas e proxectivas. Representar gráficamente liñas (pechadas/abertas, verticais/ horizontais), formas planas simples)

● Actividades de recoñecemento e representación de relacións temporais: usar téminos temporais das accións (antes, agora, despois) recoñecer as divisións temporais (onte, hoxe, mañá) Recoñecer situacións que implican a idea de duración, simultaneidade, sucesión..

Materiais

- Para contar: contedores con obxectos para xogar a contar, como caixas de botóns, coleccións de pedras, álbumes de cromos, coleccións de imaxes...
- para ordear: obxectos da vida cotiá: paliños, cubos de plástico, canicas, cunchas...
- Para realizar coleccións: pedras de diferentes tamaños e formas, follas secas de varios tipos, cromos, estoxos...
- Para medir: cordas de lonxitudes e tamaños diferentes, cordas metradas, madeiras, bastonciños, bastonciños metrados, regra e escadra, cubitos e contedores de cociña...
- Para conter area e terra: contedores para líquidos de varios tamaños, botellas, pipetas contagotas, básculas...
- para cuantificar: cordas, paos, perdras...

- Relacionado co tempo: reloxos lineal, de auga, de area de sol...

OBRADOIRO DO INFORMÁTICA OU DO RATO

Obxectivos

- Desenvolver as habilidades necesarias para o uso autónomo do ordenador.
- Utilizar o ordenador e a internet como fonte información.
- Recoñecer o ordenador como elemento de xogo controlado.
- Repasar conceptos a través de diferentes aplicacións.

Actividades

- Busca de información (de forma dirixida) na internet ou en arquivos no propio ordenador.
- Desenvolver xogos didácticos a través de programas e aplicacións propostas pola mestra.

Materiais

- Ordenador da aula
- www.vedoque.com
- www.angles365.com
- www.airnow.gov
- Contidos educativos da web da consellería
- www.cnice.es
- Calquera outros que vaian xurdindo ao longo do curso

OBRADOIRO GRÁFICO-PICTÓRICO OU DOS ARTISTAS

Obxectivos

- recoller informacións do entorno atendendo ás marcas perceptivas primarias (cores, formas, dimensións, repeticións, texturas) como as regras que rixen os datos perceptivos primarios.
- Producir obxectos coas distintas técnicas, materiais e instrumentos.
- Reproducir a realidade mediante copia, reinterpretación e transfiguración da realidade.

Actividades

- ◆ debuxo
- ◆ pintura
- ◆ escultura
- ◆ relación coas obras de arte

Materiais

- Debuxo: papeis de diversos tipos, cores, dimensións e texturas. Lápiceros de cores, rotuladores, tesoiras, cola, acuarela...
- Pintura: témperas, pintura ao óleo, pinceis de varias formas e tamaños, papel, tela, aglomerado... Cabaleta, paletas...
- Escultura: arcilla, ferramentas para moldear, aramio, escaiola, masa de modelar.
- Relación coas obras de arte: coleccións de imaxes artísticas, catálogos de arte, guías de pinacotecas.

OBRADOIRO DAS PALABRAS :Comezará a funcionar como tal a finais do primeiro trimestre, ata ese momento funcionará como obradoiro de lectura libre)

Obxectivos

- Elaborar un listado de palabras habituais e coñecidas.

- Recoñecer e reproducir por escrito palabras coñecidas polos nenos/as
- Favorecer a adquisición das habilidades básicas para a escritura.

Actividades

Recompilación de palabras importantes da nosa aula. Poderemos incluír algunhas relacionadas con por exemplo: os nomes dos nenos e nenas, nomes de obxectos, materiais, espazos da aula, termos e tarefas ou funcións (camareiro, cociña, sol), termos recorrentes dunha historia (no conto dos sete cabritiños os termos recorrentes son cabritiños, lobo, sete...) nomes de prantas, animais, vocabulario do proxecto a traballar...

A partir desa recompilación podemos realizar actividades como as seguintes:

- Buscar na caixa o nome dun neno que non sabemos como se escribe
- Usar as palabras da caixa para compoñer unha mensaxe
- Facer agrupamentos de palabras (nomes da clase, animais...)
- Contar unha historia coas palabras dun conto.
- Xogo das palabras encadeadas.
- Tómbola das palabras...

Materiais

- Tarxetas para escribir
- Modelos de letras
- Caixa de cartón
- Lapis, ceras...

CADERNOS DE TRABAJO

Obxectivos

- Aplicar conceptos adquiridos en diferentes situacións.
- Habituar aos nenos e nenas ao traballo escrito como preparación á etapa de primaria.

Tipo de actividades: Fichas propostas nos cadernos

Materiais: Cadernos recollidos no apartado de recursos

RUTINAS

Obxectivos

- Establecer e afianzar hábitos e normas da aula e de convención social.
- Achegar ao alumando dende actividades cotiás á realidade e á vida fóra da escola.

Tipo de actividades

- Asembleas: Lugar e expresión e resolución de conflitos. Tamén son os momentos nos que realizamos a planificación do día.
- Pasar lista: Colocar no seu lugar os nomes dos nenos/as que asistirón ao centro e os que non. Contar e colocar o número correspondente.
- Rutinas de calendario: Buscar o día do mes, da semana, o tempo e escribir a data. Incluimos aquí a reseña a días especiais (aniversarios, festas, excursións..)
- Merenda: Lavado de mans, reparto de panos, desplazamento ao comedor para recoller a merenda...Inxesta da merenda de forma axeitada (sentados, mastigando correctamente, coidando a hixiene persoal e da mesa...)
- Caderno viaxeiro: Caderno de contacto coas familias que deben traer todos os días e deixalo no lugar indicado. Así mesmo deben avisar se hai algunha nota da casa.
- Aseo persoal: Á volta do recreo e antes de ir ao comedor lavado de mans e

colocación na fila para ser recollidos par air ao comedor.

Materiais

- cartelería

7. MATERIAIS E RECURSOS

Proxectos: material elaborado pola mestra e aportado polas familias así como recursos dispoñibles no centro (biblioteca) (ver programación de cada proxecto)

Obradoiros: Ver apartado de metodoloxía

Cadernos de traballo:

CURSO: 5º NIVEL 2º CICLO E.I (4 anos)

PRE-MATEMÁTICAS					
TITULO	AUTOR/ES	EDITORIAL	IDIOMA	ISBN	PREZO
MATEMOLA3	Escudero Anglés, Neus Genover Huguet, Roser	EVEREST	GALEGO	978-84- 403-1083- 5	6,95 euros
MATEMOLA4	Escudero Anglés, Neus Genover Huguet, Roser	EVEREST	GALEGO	978-84- 403-1084- 2	6,95 euros
LETRAMOLA 3	Escudero Anglés, Neus Genover Huguet, Roser	EVEREST	CASTELÁN	978-84- 441-7190- 6	7 euros
LETRAMOLA 4	Escudero Anglés, Neus Genover Huguet, Roser	EVEREST	CASTELÁN	978-84- 441-7191- 3	7 euros

CURSO: 6º NIVEL 2º CICLO E.I (5 anos)

PRE-MATEMÁTICAS					
TITULO	AUTOR/ES	EDITORIAL	IDIOMA	ISBN	PREZO
MATEMOLA5	Escudero Anglés, Neus Genover Huguet, Roser	EVEREST	GALEGO	978-84-403- 1085-9	6,95 euros
MATEMOLA6	Escudero Anglés, Neus Genover Huguet, Roser	EVEREST	GALEGO	978-84-403- 1086-6	6,95 euros
LETRAMOLA 5	Escudero Anglés, Neus Genover Huguet, Roser	EVEREST	CASTELÁN	978-84-441- 7192-0	7 euros
LETRAMOLA 6	Escudero Anglés, Neus Genover Huguet, Roser	EVEREST	CASTELÁN	978-84-441- 7193-7	7 euros
LETRAMOLA 7	Escudero Anglés, Neus Genover Huguet, Roser	EVEREST	CASTELÁN	978-84-441- 7194-4	7 euros

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: Serán as recolidas na programación de ciclo.

Na aula temos unha alumna con diabetes tipo I con dependencia de insulina. A nivel curricular non precisa ningunha adaptación.

A nai entrará na aula cando sexa preciso para realizar os controis e administrarlle insulina ou alimento se é preciso. Nas actividades complementarias e extraescolares a nai da

alumna acompañaraa co mesmo fin.

9. HORARIO AULA

HORARIO AULA 4-5 ANOS CURSO 2010-2011

		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	9:45-10:00	Rutinas/xogo libre	Apoio PT	Rutinas/xogo libre	Rutinas/xogo libre	Rutinas/xogo libre
	10:00-10:45	Asemblea e calendario		Asemblea e calendario	Asemblea e calendario	Asemblea e calendario
2	10:45-11:30	Proxecto	Asemblea e calendario	Proxecto	Portfolio	Apoio AL
	11:30-11:45	Lavado mans/Merenda	Lavado mans/Merenda	Lavado mans/Merenda	Lavado mans/Merenda	
	11:45-12:15	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
3ª	12:15-13:00	Cadernos	Cadernos	Cadernos	Biblioteca	Cadernos
4ª	13:00-13:30	Asemblea/diario	Relixión	Asemblea/diario	Apoio AL	Proxecto
	13:45-13:45	Rutinas/lavado mans		Rutinas/lavado mans		Rutinas/lavado mans
	13:45-15:15	COMEDOR	COMEDOR	COMEDOR	COMEDOR	COMEDOR
5ª	15:15-16:15	E.I./E.F	15:15-15:50	E.I./E.F.	Apoio PT	15:15-15:50
			obradoiros			obradoiros
			15:50-16:05			15:50-16:05
			Asemblea/diario			Asemblea/diario
			16:05-16:15			16:05-16:15
			Rutinas			Rutinas

HORARIO AULA 4-5 ANOS CURSO 2010-2011(Set-Xuño)

		LUNS	MARTES		MÉRCORES	XOVES	VENRES	
1ª	9:45-10:00	Rutinas/xogo libre	Apoio PT		Rutinas/xogo libre	Rutinas/xogo libre	Rutinas/xogo libre	
	10:00-10:45	Asemblea e calendario			Asemblea e calendario	Asemblea e calendario	Asemblea e calendario	
2ª	10:45-11:45	Proxecto	Asemblea e calendario		Proxecto	Portfolio	Apoio AL	
3ª	11:45-12:15	Cadernos	Cadernos		Cadernos	Biblioteca	Cadernos	
	12:15-12:30	Lavado mans/Merenda	Lavado mans/Merenda		Lavado mans/Merenda	Lavado mans/Merenda	Lavado mans/Merenda	
	12:30-13:00	RECREO	RECREO		RECREO	RECREO	RECREO	
4ª	13:00-13:45	Fin traballos/Asemblea/diario	Relixión		Fin traballos/Asemblea/diario	Apoio AL	Proxecto	
5ª	13:45-14:30	E.I./E.F.	13:45-14:15	Asemblea/diario	E.I./E.F.	Apoio PT	13:45-14:15	Fin traballos/Asemblea/diario
			14:15-14:30	rutinas/lavado mans			14:15-14:30	rutinas/lavado mans
	14:30-15:15	COMEDOR	COMEDOR		COMEDOR	COMEDOR	COMEDOR	

10. Bibliografía

BATTISTA QUINTO BORGI (2008): Los talleres en educación infantil. Graó.

DÍEZ NAVARRO, M. CARMEN (2002): El piso de abajo de la escuela. Graó

DÍEZ NAVARRO, M. CARMEN (2007): Mi escuela sabe a naranja. Graó

ANTÓN, MONSERRAT (Coord) (2007). Planificar la etapa 0-6. Graó

CARBÓ, LILIANA, GRÀCIA, VINCENT (2001): El mundo a través de los números. Milenio.

O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria.(2009) Xunta de Galicia/consellería de educación e ordenación universitaria